

PROTOCOLO PARA A ASISTENCIA ÁS SESIÓNS PRESENCIAIS DA FORMACIÓN CONTINUADA NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA NO CONTEXTO DA COVID-19

(Edición 1. Data 5 de agosto de 2020)

Este documento estará en revisión permanente en función da evolución e da nova información da que se dispoña sobre o SARS- CoV-2

Índice

Introdución: medidas de vixilancia, prevención e control.....	2
Situación 1: de normalidade adaptada.....	2
1. Principios xerais.....	2
2. Aforo das aulas.....	2
3. Limpeza, desinfección e ventilación.....	3
4. Medidas específicas referidas ao persoal.....	3
4.1 Persoal responsable do curso da ACIS.....	4
4.2 Persoal docente.....	4
4.3 Persoal de apoio da ACIS.....	4
4.4 Alumnado.....	5
Situación 2: de suspensión de actividades presenciais.....	6
ANEXO I: Referencia normativa e ligazóns de interese.....	7
ANEXO II: Folla de distribución do alumnado na aula.....	8



Introdución: medidas de vixilancia, prevención e control.

As medidas contempladas neste documento definen as liñas de actuación para realizar a actividade presencial da formación continuada debidamente planificada no período da chamada «nova normalidade» durante a cal segue vixente a ameaza da COVID-19. Así mesmo, contémpanse unhas liñas de actuación básicas no suposto da suspensión de actividades presenciais.

Por conseguinte, contémpanse neste protocolo as seguintes situacións:

- Situación 1: de normalidade adaptada.
- Situación 2: suspensión de actividades presenciais.

Teranse en conta, en cada situación, os criterios epidemiolóxicos e asistenciais establecidos pola Consellería de Sanidade que poderán ser flexibles en función da normativa sanitaria tanto estatal como autonómica que, de ser o caso, se puidesen aprobar.

Situación 1: de normalidade adaptada.

1. Principios xerais

Permítese a modalidade de formación presencial.

No caso de obradoiros, prácticas e cursos con habilidades psicomotrices nas actividades presenciais da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), a Axencia, en coordinación co/a programador/a e docentes de cada actividade formativa, valorará a posible execución do curso na modalidade presencial tendo en conta os recursos materiais e organizativos dispoñibles, garantindo as medidas de seguridade e hixiene COVID-19 correspondentes.

2. Aforo das aulas

Co obxecto de reducir o contacto, establecerase un máximo de alumnos/as por aula, respectando en todo momento a separación mínima de 1,5 metros.

Definirase e sinalizarse a circulación dentro de cada aula, establecendo, cando sexa posible, a utilización de distintas portas para a entrada e saída do alumnado.

Nos accesos á aula indícarase a información do aforo máximo e as medidas de seguridade e hixiene. Tamén estará establecida a orde de entrada e saída daquelas aulas que só teñan unha porta, mantendo a distancia de seguridade entre os/as alumnos/as.

3. Limpeza, desinfección e ventilación

Entre sesión e sesión deixarase un período de tempo para permitir a limpeza, desinfección e ventilación.

Realizarase a limpeza, desinfección e ventilación das instalacións atendendo ao protocolo de cada centro, segundo as súas características e a intensidade de uso. Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) acabada de preparar ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que hai no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.

Realizarase limpeza e desinfección dos ordenadores das aulas de informática coa frecuencia necesaria e sempre despois de cada uso compartido.

O persoal de mantemento fará revisión dos sistemas de climatización do local segundo a guía do Ministerio ([ligazón](#)).

O uso de aseos estará permitido tendo en conta que «a súa ocupación máxima será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados; para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento do número de cabinas e urinarios que teña a estancia polo que se precintará a metade dos urinarios e deberase manter, durante o seu uso, a distancia de seguridade».

4. Medidas específicas referidas ao persoal

É necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas seguintes premisas: hixiene frecuente de mans, hixiene respiratoria (evitar tusir directamente ao aire e tocar a cara, o nariz e os ollos), distancia interpersoal mínima de 1,5 metros e uso da correspondente máscara.

O persoal docente, persoal de apoio da ACIS e alumnos/as deberán cumprir coas medidas de hixiene e prevención que estean establecidas no centro onde se realice a actividade formativa e as medidas de prevención relacionadas no punto 5 do Plan específico para a Prevención de Riscos Laborais ante a exposición laboral ao novo coronavirus (SARS-CoV-2).

Ligazón: [Plan específico para PRL ante a exposición laboral ao novo coronavirus \(SARS-CoV-2\)](#).



4.1 Persoal responsable do curso da ACIS

Informará en todo momento das medidas que debe adoptar o persoal docente no contexto da COVID-19.

A comunicación dos trámites administrativos pertinentes no caso da COVID-19 realizarase dende a Área de Xestión do Coñecemento e Talento da ACIS remitindo a «**Folla de distribución do alumnado na aula**» por correo electrónico á Dirección Xeral de Saúde Pública ao seguinte enderezo: dxsp.vixepi@sergas.es

4.2 Persoal docente

Seguirán as instrucións ditadas pola Axencia en cada momento.

Realizará o control de asistencia do alumnado rexistrándoo no listado que previamente lle facilitará o persoal de apoio das aulas da ACIS. Non haberá rexistro de sinaturas individual para os efectos de evitar contactos.

O persoal docente será o único que terá contacto directo coa pantalla/encerado da aula.

Disporá de solución hidroalcohólica na aula para a desinfección das mans, antes e despois de entrar na clase.

Utilizará a correspondente máscara.

Se alguén do alumnado mostra síntomas de contaxio da COVID-19 durante a sesión presencial, avisará inmediatamente ao persoal de apoio da ACIS.

4.3 Persoal de apoio da ACIS

Vixiará e informará sobre as normas de seguridade e hixiene. Estas normas recolleranse nun cartel informativo que facilitará a ACIS e será colocado na porta de cada aula nun lugar claramente visible.

Vixiará que non haxa entradas e saídas innecesarias das aulas durante as clases.

Antes da entrada á aula, tomaralle a temperatura a cada asistente mediante un termómetro por infravermellos.

No caso de entrega de material ao alumnado, colocará ese material sobre a cadeira de cada alumno/a antes do comezo do curso e despois da hixiene previa das mans.

Utilizará a correspondente máscara.

No caso de detección dun caso sospeitoso por síntomas compatibles coa COVID-19 no contorno da actividade formativa da ACIS, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada será retirada do grupo e levada a outro espazo, levando unha máscara cirúrxica posta e mantendo en todo momento a distancia interpersoal de seguridade. Este espazo deberá ser elixido previamente, contando con ventilación e papeleira para depositar panos e calquera outro material dun único uso.

Contactará co centro de saúde que lle corresponda ao alumno/a ou chamará ao teléfono de referencia da Xunta (900 400 116) e seguirán as súas instrucións. No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar, avisarase ao 061.

Ao mesmo tempo, e atendendo a recomendación trasladada dende o Servizo de Epidemioloxía de Saúde Pública, co obxecto de axilizar os trámites administrativos pertinentes no caso de que a sospeita por COVID-19 sexa confirmada, o persoal de apoio da Axencia informará da distribución do alumnado na aula cubrindo a **«Folla de distribución do alumnado na aula»** e remitiralla á ACIS ao enderezo formacion.acis@sergas.es, facendo referencia no asunto ao código do curso.

4.4 Alumnado

Os/as alumnos/as asistirán á aula co material mínimo necesario.

Entrarán e saíran da aula pola zona habilitada e sinalizada previamente.

Permanecerán na aula exclusivamente o tempo da súa sesión.

Hixiene de mans: antes e despois da entrada ás aulas, desinfectarán as mans con solución hidroalcohólica que estará dispoñible na sala.

Terán que acceder á aula e á instalación coa correspondente máscara.

Remitirán, unha vez rematado o curso, a enquisa de satisfacción.

Non poderán acceder ás aulas as persoas con síntomas compatibles con COVID-19, aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento requirido ou as que se encontren en período de corentena domiciliaria.

Antes de ir cara á actividade formativa, cada asistente realizará un auto test para poder confirmar se poden ter síntomas de COVID-19. Se presentan síntomas compatibles coa COVID-19 (febre, tose ou dificultade para respirar) ou outros síntomas, como falta de olfacto ou gusto, deberán informar de xeito inmediato ao Servizo Galego de Saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade «Enfermidade polo novo coronavirus (COVID-19)». <https://www.sergas.es/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV>)

Non deben acudir directamente a un centro sanitario. Para máis información xeral sobre o novo coronavirus pódese chamar ao número 900 400 116. Deberase chamar ao 061 en caso de gravidade.

Se presenta estes síntomas compatibles coa COVID-19 durante as sesións presenciais deberá informar inmediatamente ao persoal de apoio da Axencia, comunicándollo a través do persoal docente. Facilitaranlle unha máscara cirúrxica e acompañarano a un espazo adecuado, onde se contactará co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia (900 400 116) e seguiranse as súas instrucións. No caso de síntomas de gravidade chamarase ao 061.

O alumnado facilitará a información necesaria ao persoal de apoio da Axencia para cubrir adecuadamente a «**Folla de distribución do alumnado na aula**». En todo caso, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias.

Situación 2: de suspensión de actividades presenciais.

1. Principios xerais

Adoptarase un modelo de formación exclusivamente non presencial coa suspensión total das actividades presenciais de formación.

Analizarase de forma individual, a posibilidade de empregar medios telemáticos que permitan transformar cursos presenciais en «cursos presenciais por videoconferencia».

No que se refire aos cursos mixtos, sempre que sexa posible, pasarán á modalidade de teleformación.

ANEXO I

Referencia normativa

Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Plan específico para a prevención de riscos ante a exposición laboral ao novo coronavirus (SARS-CoV-2) Dirección Xeral de Recursos Humanos – Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia. Versión 7, 7 de xullo de 2020.

Plan de resposta temperá nun escenario de control da pandemia por COVID-19- Ministerios de Sanidade 13 de xullo 2020V-2).

Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Ligazóns de interese

<https://coronavirus.sergas.gal/>

<https://www.mscbs.gob.es/gabinetePrensa/notaPrensa/pdf/13.07130720131534059.pdf>

<https://www.who.int/es/emergencies/diseases/novel-coronavirus-2019/advice-for-public>

ANEXO II: Folla de distribución do alumnado na aula

(Edición 1. Data 5 de agosto de 2020)

Centro:		Aula:		Data:	
Código e denominación do curso:					
Nome da sospeita do caso por COVID-19:					

Posición	Nome e apelidos	DNI	Teléfono de contacto
0			
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
16			
17			
18			
19			
20			
21			
22			

_____ a ____ de _____ de _____

Asinado

(Nome e apelidos do persoal de apoio da ACIS)

Remitir esta folla a formacion.acis@sergas.es facendo referencia no asunto ao código do curso.

